



Ayuntamiento de Riós

DENDE O CENTRO DE DESENVOLVEMENTO AGROFORESTAL INFORMAMOS DAS NOVAS MEDIDAS DE CARÁCTER OBRIGATORIO EN RELACIÓN CO COVID-19, PRESENTADAS POLA CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL

1.- En relación o desprazamento de agricultores e viticultores para os efectos da realización de actividades agrarias

As persoas agricultoras e viticultoras profesionais (dadas de alta no Reaga) e os seus traballadores poderán efectuar os desprazamentos para a realización dos traballos necesarios de atención e mantemento dos cultivos e dos viñedos. Para acreditarlo é suficiente coa inscrición da explotación no Reaga. No caso dos viticultores profesionais poderán acreditarlo tamén co carné de aplicador/manipulador de produtos fitosanitarios ou coa tarxeta de rexistro dispensada polo Consello Regulador da Denominación de Orixe.

En canto as persoas que teñan cultivos ou viñedos considerados de autoconsumo, poderán realizar os desprazamentos mínimos e imprescindibles, sempre que o desprazamento se realice dentro do mesmo termo municipal ou, de realizarse a outro termo municipal, que non supoña unha distancia superior a 5 km da súa vivenda habitual. En ningún caso poderá haber máis de dúas persoas no predio. Para acreditarlo poderase realizar coa presentación do carné de aplicador/manipulador de produtos fitosanitarios é unha declaración responsable que debe conter: nome e apelidos, DNI, datos da finca na que se vai a traballar e os traballos que se van a realizar. Así mesmo, declarar que baixo a súa responsabilidade, declara tamén que leva desprazándose de xeito habitual ao (s) predio (s). Esta declaración responsable pode ser escrita a man.

2.- En relación a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia

Aclarar a continuidade da obriga de execución da xestión da biomasa, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. Polo que o prazo de realización das devanditas actividades se estenderá ata o 16 de xullo de 2020 inclusive.

As persoas que se despracen para a realización de actividades de xestión da biomasa deberán levar consigo unha declaración responsable que comprenda as leiras en que van levar a cabo as ditas actividades, incluíndo a identificación da parcela e a súa referencia catastral; ademais, deberán levar consigo os apeiros, utensilios ou ferramentas necesarios para desenvolver as actividades de xestión da biomasa ou, de non levarlos consigo, incluír na declaración responsable que os teñen depositados na parcela ou lugar determinado.



Ayuntamiento de Riós

3.- En relación ás queimas de restos agrícolas amoreados por motivos fitosanitarios en explotacións agrícolas profesionais

Poderán solicitarse autorizacións excepcionais por razóns fitosanitarias para a queima de restos agrícolas amoreados en explotacións profesionais agrícolas. As solicitudes remitiranse por correo electrónico aos servizos de prevención de incendios forestais das xefaturas territoriais da Consellería do Medio Rural, incluíndo unha declaración responsable da persoa titular da explotación que xustifique a necesidade da queima. Na solicitude indicarse o Concello, a parroquia, o lugar e a indicación do número de polígono e o número de parcela en que se realizará a queima solicitada, así como as datas en que se pretende realizala e o número de inscrición da explotación no Reaga, así como o número de persoas que comporán o equipo de queima, que será como mínimo de dúas persoas.

Poderá levarse a cabo unha vez recibida a correspondente autorización por correo electrónico.

Para mais información no tlf: 988 423 007